

## **Biblioteca Pública Juan Compañel. Vigo**

**Enderezo postal:** Rúa Joaquín Yáñez, 6. 36202 Vigo

**Telef.** 986 229108

986 229074

**Fax** 986 227342

[bibli.central.vigo@xunta.es](mailto:bibli.central.vigo@xunta.es)

<http://rbgalicia.xunta.es/vigo/>

**Directora:** Inmaculada C. Serrano Plaza

**Horario:** Luns a venres: 9.00 a 20.30

Sábados: 10.00 a 14.00

Xullo e agosto: 9.00 a 14.30

**Titularidade do edificio:** Concello de Vigo. Ten a catalogación de Biblioteca Nodal, o que significa que é unha das cabeceiras da Rede de Bibliotecas de Galicia.

### **Historia:**

As orixes da Biblioteca Pública Juan Compañel están na Biblioteca Popular de Vigo, creada por orde do Ministerio de Educación Nacional en 1942. Instalada nun local de aluguer da Praza de Compostela, onde permanecería, co nome de Biblioteca Pública Jaime Solá, ate 1979, ano en que foi trasladada a unha nova sede na rúa Romil. Os primeiros trinta e cinco anos de vida da biblioteca foron precarios, escasos recursos para a adquisición de fondos bibliográficos, nutridos basicamente por doazóns, e pequenas dimensións do local.

A segunda etapa, a da rúa Romil, supuxo unha importante mellora da biblioteca. Máis espazo para sala de lectura, almacén e outras dependencias e un notable incremento do cadro de persoal. A demanda social deste servizo medrou de xeito tan ostensible que antes de entrar na década dos noventa xa quedara novamente pequena.

O Concello decide mercar o coñecido como “Edificio Ferro” e emprende as obras de rehabilitación para acomodar a biblioteca. En 1995 queda inaugurada a sede actual e pasa a denominarse Biblioteca Pública Central de Vigo. O Edificio Ferro, ocupado antes da adquisición polo Concello polos Almacéns Ferro, é una construción de 1889, proxectada por Jenaro de la Fuente Domínguez para Pedro Román. O edificio tiña, na súa orixe, múltiples usos: casa particular –de Pedro Román– comercio e Casino Obreiro, entidade de ocio na que destacaba un singular salón de baile de fermoso deseño que foi respectado na reforma realizada ao edificio para convertelo en Biblioteca, e na actualidade é a sala de lectura. A reforma foi asinada polo arquitecto Luis Arranz Alguero. Jenaro de la Fuente constrúe este edificio na confluencia das rúas Imperial e Desengaño, hoxe Joaquín Yáñez e Fermín Penzol, sobre os restos doutra edificación anterior. Concibida para usos múltiples, o mestre de obras deseña una fachada principal de sobrias e elegantes liñas, nas que a xenerosidade de granito non fai restar a sensación de lixeireza que lle aporta a reiterada sucesión de fiestras separadas por finas pilastras acanaladas. Remata o ornato da fachada principal unha cornixa moi afilligranada, cun salientable traballo de cantería.

A Biblioteca Pública Juan Compañel de Vigo é unha das primeiras mostras do modernismo arquitectónico aportado á cidade por Jenaro de la Fuente Domínguez, quen chegara a Vigo como mestre de obras militares, actividade que quedou ensombrecida pola súa prolífica actividade no deseño e construción de obra civil de espléndida factura.

O 23 de setembro de 1996 a Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia declara como biblioteca nodal á Biblioteca Central de Vigo (ORDE do 27 de agosto de 1996).

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión do día 28 de outubro de 2013, adoptou o acordo do *cambio da denominación* da Biblioteca Pública Central de Vigo como “*Biblioteca Pública Juan Compañel*”.

### **Instalacións:**

Ten unha superficie total de 3.000 m<sup>2</sup> e está estruturada en 6 plantas:

**Soto:** Depósito de libros e revistas.  
Caldeiras.

**Semi soto:** Sección infantil e xuvenil.  
Sala de actividades  
Sala de conferencias.

**Planta baixa:** Vestíbulo. Taquilla  
Sala de Internet  
Sala de préstamo  
Bedoteca

**Planta primeira:** Hemeroteca.  
Información bibliográfica  
Sala de lectura  
Sala de prensa

**Planta segunda:** Sala de audiovisuais  
Centro de Documentación e Estudos Feministas de  
Vigo

**Planta terceira:** Zona de traballos internos, Dirección e  
Administración

### **Servizos:**

A biblioteca conta cos seguintes servizos:

- Información xeral, bibliográfica e Referencia.
- Consulta de documentos.
- Préstamo de documentos.
- Préstamo de portátiles en sala.
- Bedoteca
- Hemeroteca
- Sección infantil/xuvenil
- Sección Local
- Internet, ofimática e wifi
- Reserva de salas

**Requisitos:**

Carné de usuario da biblioteca que se formaliza cubrindo unha ficha e presentando o DNI e unha fotografía recente.

**Fondos bibliográficos:**

Libros: 108892

Documentos sonoros: 3710

Documentos audiovisuais: 13102

Documentos electrónicos: 761

Outros (mapas, música impresa...): 371

Publicacións periódicas: 668

**Outros fondos:**

A Biblioteca Pública Juan Compañel de Vigo posúe, en depósito, 14 obras de arte do patrimonio municipal. Son 8 gravados, 4 óleos de Lodeiro, 1 óleo de Moncho Borrajo e un collage.